

# VIEIROS

Bos Aires

Edición xestionada por [Débora Campos](#)

Do 12 ao 14 de setembro

## Un curso de verán céntrase no compositor do noso himno

'Visións de Galiza no centenario de Pascual Veiga (1842-1906)' é o título das xornadas que terán lugar na Facultade de Xeografía e Historia da USC.

Redacción - 09:25 12/09/2007

O director xeral de Creación e Difusión Cultural, Luís Bará, o vicerreitor de Cultura da [USC](#), Elías Torres, a decana da Facultade, Mar Llinares, o director do Departamento de Arte, Juan Monterroso, e o director do curso, Carlos Villanueva, inauguran o curso ás 9.30. A seguir, Manuel Ferreiro, da USC, falará sobre *Eduardo Pondal e a problemática textual do himno galego*.

María Rosa Fernández, musicóloga e asesora da Consellaría de [Educación](#), abordará a figura de Pascual Veiga como autor do himno, e á tarde, Helena Villar Janeiro moderará unha mesa redonda en que se debaterá arredor dos símbolos e a recepción do himno galego. E para pechar o día, a Igrexa da Universidade acollerá o concerto *A canción galega* coa soprano Teresa Novoa e o pianista Alejo Amoedo.

O xoves 13, o historiador Xosé M. Núñez Seixas, da USC, impartirá unha conferencia titulada *Alén da morriña: música, identidade e sociabilidade entre os emigrantes galegos da Arxentina, 1880-1940*. A seguir, Luís Costa da Universidade de [Vigo](#), afondará nos *Coros galegos: significado do modelo Aires da Terra, de Perfecto Feijoo*. Pola tarde, María Nagore, da Universidade [Complutense](#) de Madrid, relacionará o coralismo co nacionalismo, e Luís Costa moderará o debate *Uso e abuso da tradición na construción da identidade*. Ás 20.30 Alicia González Permyu ofrece o concerto *O piano galego romántico e de vangarda* na Igrexa da Universidade.

### Última xornada

Xa para rematar, o venres Camilo Fernández 'Valdeorras' da Universitat de [Barcelona](#) impartirá a conferencia *O enxebrismo e o tío Marcos da Portela: un arquetipo fundacional e funcional da literatura vernácula e da cultura popular galega*. Despois o presidente da [RAG](#), Xosé Ramón Barreiro, lembrará a creación da mesma en 1906.

Na tarde, Cristina Patiño Eirín da USC centrará a súa intervención en Pardo Bazán e a música, e finalmente, o director do curso Carlos Villanueva pechará o ciclo de conferencias cunha intervención que leva por título *Perfís de Galicia dende a vangarda: Jesús Bal y Gay*. O derradeiro concerto *Lembranzas corais* será interpretado pola coral El Eco da Coruña dirixida por Alejo Sanchís Mompó, na Igrexa da Universidade.

Este ciclo, dun total de 30 horas lectivas e con prazas para 55 alumnos, é outro dos actos organizados pola Consellaría de [Cultura](#), a USC e a RAG arredor da figura do músico galego.